

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 19 de setembro de 2025 pola que se amplía o prazo de execución e xustificación dos investimento establecido na Resolución do 25 de outubro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria do procedemento de concesión de subvencións para a planificación enerxética de entidades locais e comunidades enerxéticas, anualidade 2025 (código de procedemento IN418E).

No *Diario Oficial de Galicia* núm. 7, do 13 de xaneiro de 2025, publicouse a Resolución do 25 de outubro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria do procedemento de concesión de subvencións para a planificación enerxética de entidades locais e comunidades enerxéticas, anualidade 2025 (código de procedemento IN418E).

O procedemento de concesión destas subvencións tramitouse en réxime de concorrencia non competitiva, segundo a excepción prevista no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Conforme o establecido no artigo 3.1 das bases reguladoras serán subvencionables os gastos e investimentos realizados entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2025, dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Aspecto que se desenvolve no artigo 25 que recolle que a data límite para executar o proxecto e presentar a documentación xustificativa dos investimentos será o 30 de setembro de 2025 e no artigo 27.3.a).3º que establece que a data dos xustificantes de gasto e do pagamento, para a súa validez e admisión, estará comprendida entre o 1 de xaneiro e o último día do prazo de xustificación previsto no artigo 25 das bases reguladoras.

Neste procedemento de concesión de axudas estanse a rexistrar solicitudes de prórroga por parte dos beneficiarios, motivadas nas dificultades xurídicas e técnicas para executar e xustificar os investimentos subvencionados na referida data límite.

O artigo 45.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro), establece a posibilidade de que o órgano concedente das subvencións outorgue, salvo precepto en contra contido nas bases reguladoras, unha ampliación do prazo establecido para presentar a xustificación, que non excederá da metade deste e sempre que con iso



non se prexudiquen dereitos de terceiros. Por outra banda, remítese ao disposto con carácter xeral no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), no que se indica que a ampliación poderá acordarse de oficio ou por instancia de parte antes do vencemento do prazo de que se trate e se as circunstancias así o aconsellan.

Consecuentemente con todo o anterior, sobre a base dos feitos sinalados e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro. Modificar a Resolución do 25 de outubro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria, mediante tramitación anticipada de gasto, do procedemento de concesión de subvencións para a planificación enerxética de entidades locais e comunidades enerxéticas, anualidade 2025 (código de procedemento IN418E), no seguinte sentido:

O parágrafo primeiro do artigo 3.1 da resolución queda redactado do seguinte xeito:

«1. Serán subvencionables os gastos e investimentos realizados entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2025, dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia».

O artigo 25 da resolución queda redactado do seguinte xeito:

«A data límite para executar o proxecto e presentar a documentación xustificativa dos investimentos será o 31 de outubro de 2025».

Segundo. Esta modificación entrará en vigor o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2025

Pablo Fernández Vila
Director da Axencia Instituto Enerxético de Galicia

